

INVENTARIO ILUSTRADO DE FLORES

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 72 páx. 17 €.

[Inventario ilustrado de flores](#) (galego)

ISBN 978-84-16721-09-2. Factoría K de Libros. Ciencia.

[Inventario ilustrado de flores](#) (castelán)

ISBN 978-84-16721-08-5. Factoría K de Libros. Ciencia.

[Inventari il·lustrat de les flors](#) (catalán)

ISBN 978-84-16804-13-9. Factoría K de Llibres. Ciència.

[Inventário ilustrado das flores](#) (portugués)


ISBN 978-989-99583-4-0. Factoría K de Livros. Ciência.

Hai ao redor de 230.000 especies de plantas con flores en todo o mundo. A maioría delas danse nos bosques tropicais, e en Europa temos unhas 12.000 especies distintas. As flores apareceron na Terra hai sesenta millóns de anos, moito antes de existiren os humanos...

As páxinas do «Inventario ilustrado de flores» son un festival de colorido -e de aromas suxeridos- que, a través de 62 tipos de flores, nos leva de viaxe por todo o mundo: dende as rexións de África do Sur de onde vén a ave do paraíso, ata a illa indonesia de Sumatra de onde é orixinario o efémero aro xigante, pasando polas pradarias próximas onde medran as margaridas.

Silvestres e cultivadas, e cunha orixinal clasificación por cores para facilitar a súa localización, cada lámina presenta unha ou dúas especies de flores identificadas polo seu nome común e científico, altura e época de floración, xunto cunha breve descrición con aspectos como a súa procedencia, aplicacións medicinais e mesmo culinarias, curiosidades ou alertas sobre o seu nivel de conservación. Antes de entrar en materia, Virginie Aladjidi presenta nunha introducción as partes da flor, o seu proceso reprodutivo a través da polinización e os modos de crecemento.

Como todos os títulos da colección, as ilustracións de Emmanuelle Tchoukriel destacan pola súa precisión e realismo, trazando os perfís con rotulador e tinta chinesa, e completándoas con acuarela, ao xeito dos antigos cadernos de campo. Xunto coas flores figuran tamén detalles ampliados de raíces, pétalos ou sementes, ademais de pequenas figuras doutros veciños, como insectos, anfibios, aves ou herbívoros.



- **Temática:** catálogo con 62 tipos de flores de todo o mundo.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** ilustracións naturalistas coloreadas con acuarela; cada lámina presenta ilustracións, nome común, nome científico e descrición; clasificación por cores; das autoras de «[Bellezas de la naturaleza](#)» e doutros *Inventarios ilustrados*: «[de animais](#)», «[das aves](#)», «[de animais con cola](#)», «[de dinosauros](#)», «[de froitas e verduras](#)», «[das árbores](#)», «[de insectos](#)», «[dos mares](#)»; outros libros: serie «[Animais Extraordinarios](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/inventario-de-flores-g>

Virginie Aladjidi

Durante anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier. <http://virginiealadjidi.blogspot.com>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica. <http://tchouk-tchouk.blogspot.com>

